

Soña-la pintura

CERTA mañá, Gregorio Samsa, protagonista da metamorfose de Kafka, interrogábase acerca do seu novo aspecto ¡convertérase nada menos que nun monstruoso insecto! O porqué da súa metamorfose igualmente podería ser formulado por moitos dos personaxes das obras de Max Ernst; e é que con razón André Bretón cualificara os pintores surrealistas como meigos ou feiticeiros pois só eles teñen o don de dota-los obxectos de facultades alucinóxenas. A figura singular de Max Ernst convértese en paradigma e emblema da arte surrealista, aínda que lle gusta de comenta-lo mesmo que Miró, que ó poñerse diante dunha folla en branco non sabía o que podía pintar ¡carano se pintou! O seu lapis fabuloso vaille permitir transmutar todo o que toca nunha linguaxe metafórica.

É a súa ansiedade investigadora a que o leva inevitablemente a descubrir e a potenciar técnicas singulares que van ser punto de referencia e escala de valoración artística entre outras: o frottage, que consiste naquel vello xogo infantil de poñer sobre unha moeda un papel e esfregar ata conseguila imaxe desexada. Esta técnica vaina utilizar no seu libro 'Histoire Naturelle', no que trata de aproximarse á natureza e neste medio fai convivir o pracer e maila opresión. A decalcomanía, producida do choque de pintura entre dúas superficies, vaille permitir potencia-las súas paisaxes fabulosas. Así mesmo inventa a oscilación, a base de deixar caer sobre o lenzo pintura procedente dunha lata esburacada que se vai movendo a xeito de péndulo, método que vai utilizar no seu libro 'Maximiliana' e que vai se-lo foco xerador dos expresionistas abstractos norteamericanos como Pollock. A obra gráfica que exhibe o pazo de Bendaña sobre este xenial artista permítenos apreciar unha evolución artística en Ernst influída pola visión perturbadora e inquietante do pintor metafísico, De Chirico, patente no libro 'Fiat modes pereat ars', pasando polo dadaísmo e somerxéndose no surrealismo, no que as ideas do noso autor van fluír con absoluta liberdade, desprovistas de lóxica e de razón.

Fátima Otero